

No hay votos

Os músicos 'Mini e Mero' obteñen o Pedrón de Ouro pola súa recuperación do patrimonio oral galego

venres 17 de Abril de 2009 | EFE

Xosé Luís Rivas e Baldomero Igrexas, máis coñecidos como 'Mini e Mero', foron distinguidos co premio Pedrón de Ouro-2009 polos esforzos e o traballo que realizan desde 1972 para recuperar e transmitir o patrimonio oral de Galicia.

Así mesmo, a Fundación do Pedrón de Ouro outorgou o Pedrón de Honra 2009 á filóloga romanesa Mariana Ploae-Hanganu, polo seu labor de difusión da lingua e literatura galegas en Romanía.

O Pedrón de Ouro recoñece á personalidade ou entidade viva e residente en Galicia que máis destaque na defensa e na promoción das diversas facetas da cultura nacional. O galardón de Honra distingue a unha personalidade ou entidade viva, galega ou non, residente fóra de Galicia, que máis destaque coas súas achegas ao "engrandecimiento da Nación e a súa cultura", segundo explica a fundación.

Un traballo egoísta

Os ex compoñentes do grupo musical 'Fuxan vos Ventos', actualmente integrantes de 'A Quenlla', 'Mini e Mero', agredecieron o galardón recordando que tamén se lle está a dar a moitas persoas "que desenvolven tarefas similares "en silencio", e asegurando que "non o merecemos, porque o noso traballo é un acto egoísta, é beber dunha fonte na que outros non poden".

Os dous musicólogos coincidiron en que o mérito en si é ter a oportunidade de "redescubrirse a si mesmos" a través da investigación cultural que emprenderon hai case corenta anos, e que continúa hoxe en día, porque lles axudou a "vivir dun modo armónico co ser de Galicia".

Patrimonio de todos

Os etnógrafos recompilaron material por toda a xeografía galega, pero, fundamentalmente, na súa comarca natal, Terra Chá, e as zonas de Boimorto e Mesía, onde exercen de profesores.

Os arquivos recompilados -cuxo número, aseguran, é imposible de contabilizar- serán difundidos nun foro que desenvolverán coa colaboración do [Museo do Pobo Galego](#), que permitirá acceder a unha base de datos de todo o patrimonio oral "patrimonio de todos", aseguran os premiados.